



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE LIMPEZA, DOCUMENTACIÓN E SINALIZACIÓN DOS XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DE CASTRO DA CIVIDÁ E PETRÓGLIFO DE PEDRA DOS MOUROS (CERDEDO-COTOBADE, PONTEVEDRA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co Concello de Cerdedo-Cotobade, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a realización de traballos de limpeza, documentación e sinalización dos xacementos arqueolóxicos de Castro da Cividá e petróglifo de Pedra dos Mouros (Cerdedo-Cotobade, Pontevedra)

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento conxunto que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O xacemento arqueolóxico denominado Castro de Sacos ou A Cividá (GA36012030), trátase dun poboado fortificado da Idade Ferro localizado na parroquia de San Xurxo de Sacos, no lugar da Cividá, composto por un recinto de tendencia oval e orientado N-S, cunha ampla terraza polo Norte; cara o Leste hai terrazas e fosos, e na parte superior hai unha especie de croa delimitada por unha muralla.

Na cara exterior do parapeto do primeiro recinto do castro, no lado sur, se localiza unha lousa de granito con gravados rupestres cunhas dimensións aproximadas de 16 x 4,50 metros visibles, a denominada Pedra dos Mouros ou Eira dos Mouros (GA 36012076), gravados rupestres declarados Ben de Interese Cultural, segundo o Decreto 3741/1974, do 20 de decembro, por el que se decláran monumentos histórico-artísticos de carácter nacional los gravados rupestres existentes na provincia de Pontevedra (BOE núm. 59 do 10.03.1975), neste decreto aparece coma o número 49 no concello de Cotobade, parroquia de Xurxo de Sacos, no Castro da Cividá, "Pedra dos Mouros ou Eira dos Mouros". Os motivos gravados son cazoletas, círculos concéntricos, círculos simples, reticulados, óvalos, cruces, e outros motivos, segundo o calco de R. Sobrino Buhigas.

O Castro da Cividá está incluído no Catálogo da NSPM do concello de Cotobade (2019), e ao igual que o petróglifo de Pedra dos Mouros no Plan Básico Autonómico. En base ao establecido no artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) estes bens intégranse no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia.

En base aos valores históricos que reúne estes xacementos arqueolóxicos e tendo en conta que na actualidade a abundosa vexetación que os cobre impide a súa correcta caracterización e visualización, o Concello de Cerdedo-Cotobade e a





Dirección Xeral de Patrimonio Cultural consideran de interese levar a cabo neste ano 2023 traballos de roza e limpeza, baixo control arqueolóxico, así como de rexistro, documentación e sinalización destes bens, coa finalidade de favorecer a súa conservación, documentación e posta en valor.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

